

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Subvencións e axudas*****MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DOS PREMIOS PAU 2025, POR ERRO DETECTADO***

O decreto da alcaldía de data 03/07/2025 nº 2025-2134 aprobou a modificación das bases reguladoras dos premios PAU 2025 (expediente dixital 4505/2025) por erro detectado nas mesmas, aprobadas por resolución da alcaldía nº 2025-2001 do 24/06/2025 e publicadas no BOPPO nº 120 do 25/06/2025 e extracto da BDNS no BOPPO nº 123 do 30/06/2025, en concreto a base nº 2 “Beneficiarios dos premios” que queda redactada do seguinte xeito:

Onde dice:

“Alumnado empadroado en Porriño e que participase na presente convocatoria das PAU 2025, obtendo unha nota mínima de 8,50 puntos na fase xeral obrigatoria”

Debe dicir:

“Alumnado empadroado en Porriño ou que teña cursado os seus estudos de bacharelato en Porriño e que participase na presente convocatoria das PAU 2025, obtendo unha nota mínima 8,50 puntos na fase xeral obrigatoria.”

A consecuencia da modificación o mesmo decreto na súa parte resolutiva aproba os seguintes puntos:

- Publicar o contido desta modificación e das consecuencias derivadas da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia e na BNDS.
- O prazo para a presentación de solicitudes por parte do alumnado non empadroado pero que teña cursado os estudos de bacharelato no Porriño, comezará dende o día seguinte ao de publicación do anuncio da modificación aprobada no BOPPO.
- Consecuentemente e, conforme ao informado polo órgano instructor, estes novos posibles beneficiarios quedan exentos da presentación preceptiva do volante de empadramento.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde-presidente, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co código de identificación de sinatura electrónica, no lugar e na data expresados na marxe.

